

O Porriño estrea
"Louriña TV escolar"
por Internet

Páxina III

Mos inviste máis de
230.000 euros na
mellora de camiños
en 4 parroquias

Páxina V

O Concello crea os
premios "Cidade de Tui"

Páxina VIII

A Xunta comeza as obras
da nova escola infantil
da Guarda

Páxina X


Tomiño demolerá
o Xulgado de Paz
para construír a
nova Biblioteca

Páxina XII



Salceda e Salvaterra solicitan conxuntamente unha axuda para o obradoiro de emprego 'Sustentable'

Páxina VI



OPINIÓ

Manuel Estévez

Cabaleiro, fillo pintor da freguesía estradense de San Xurxo de O Cereixo

Oficiante de "Queimadas" no barrio de Coia, naquela tertulia tabernaria na Rúa Quintela, onde ollamos os primeiros cadros do que fora alumno de San Luis, personaxe popular e querido polos vigueses, ataviado de capa e pipa, que atrapara nas teas, rúas e recovecos da cidade, ante a presenza dos peatóns.

No Casco Vello, seu berce, tiña atelier, onde recibira noutros días, Manuel Cabaleiro, clases de pintura.

En meses aínda recentes, achei a Manolo, perto do Bar Roucos, templo culinario e cultura, na rua Santa Marta en Vigo, para logo camiñar a carón do antigo Asilo, caserón a expectativa nese intre para a demolición, preto do emblemático olivo no paseo de Alfonso.

"Vou ata os Selesianos, porque alí dicen Misa en galego, unha herdanza do padre Seixas, do que fun e sigo sendo amigo, a pesar que xa non está na terra. Antes de ser pintor artístico, exercín de brocha gorda e nunha ocasión facendo o propio

nunha das paredes do Colexio dos Selesianos de Teis, pillóume entonando cancións da nosa fala, de Rosalía, resultándolle curioso esas voces en galego, nun rapaz novo.

Fixémonos amigos desde aquela ata hoxe, levoo aquí, sinalando o corazón.

- Casóume, bautizou os meus fillos e díxome algo que sigo cumprindo.

¿Pódese saber?

-Para arrepentirte dos pecados, non tes que confesarte.

Chegando a Rua Marques de Valladares, despedímonos para que fose cumprir o seu desexo, oír misa na lingua de Castelao.

Lembreime, que fora naquel entorno, onde lle organizara unha das primeiras exposicións, así como das xuntanzas noutros días con creadores galegos, Eva Carrera, Secundino Diz, Xavier Lemos, entre outros que xa non están, Anxel Lemos, Carlos Fernández, Paco Lareo, ou tallista redondelán, Sesé Fernández. De cando en vez aparecían, aquelesdous, Eliseo Alonso e Mario Rodríguez, escritor e pintor inseparables, de Goian e Figueiró, en terras de O



Baixo Miño, agora na morada de Deus, a mesma que chegou igoalmente Rafael Amor, trovador que deixara momentos inesquecibles no Rincón dos Artistas, onde xurdían os faladoiros, local que xa non existe, despois de pasar por varias zonas da cidade, onde se chegou a publicar unha revista do mesmo nome, testemuña dos acontecementos.

Sexa como for, alí xurdiron os primeiros encontros con Manolo Cabaleiro, continuarían despois en Morgadáns por terras do Val Miñor ou en convivencia con pintores lusogalaicos, na outra beira do Miño, Casa da Anta en Lanhelas, sen esquecer espazos

como o Castelo de Soutomaior, forte onde chegamos xuntos para colgar as paisaxes saídas da súa paleta cromática.

En días recentes, estaba preparándose para unha deslocalización a San Xurxo de O Cereixo, en terras estradenses, onde fora bautizado, máis os tempos de pandemia impiden ir dun lado a outro.

Na igrexa, está representada a Virxe das Angustias e o patrón, mais tamen S. Xoán e María Magdalena, obras cedidas a freguesía, tras un convenio asinado polo Concello de A Estrada e seguirán para sempre no templo parroquial, onde chegou a este mundo o fillo pintor Cabaleiro.

As alcaldesas de Salvaterra, Salceda e Porriño despregaron un lazo negro en condolencia cos familiares das vítimas do accidente no Alto da Brava

Martha Valcárcel, alcaldesa de Salvaterra do Miño xunto coas rexedoras de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira e de Porriño, Eva García despregaron unha pancarta cun lazo negro no viaduto de Parderrubias, na estrada PO-510, preto do Alto da Brava onde pasou o venres pola noite, o accidente no que morreron unha muller e dous dos seus fillos.

As alcaldesas amosaron deste xeito a súa condolencia e dos concellos que representan cos familiares das vítimas.

A alcaldesa de Salvaterra indicou que solicitará á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, unha reunión para analizar



as condicións de seguridade desta estrada PO-510, de titularidade

autonómica que presenta un alto nivel de perigosidade.

Concentración do sector profesional de salóns de peiteado e imaxe en demanda da redución do IVE



Coa lectura dun manifesto en demanda da redución ao 10% do IVE para o sector de salóns de peiteado, barberías e estética, rematou a concentración de profesionais e traballadores da bisbarra que se celebrou na praza do Concello, cunha gran participación e por espazo dunha hora.

A alcaldesa Eva García, os

membros do goberno municipal PSOE-BNG e concelleiros do PP, EUSon e UDDL da corporación porriñesa asistiron para amosar a súa solidariedade con estes profesionais. Tamén acudiron a alcaldesa de Mos e concelleiros doutros concellos da bisbarra.

Ao remate da concentración, Marcos Valverde agradeceu a participación e avogou "por non ter que repetila".

O PORRIÑO

O Porriño estrea "Louriña TV escolar" por Internet

Lourdes Moura, concelleira de Educación do Concello do Porriño e a Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) anunciaron a posta en marcha neste mes de marzo de "LOURIÑA TV ESCOLAR", unha canle de televisión escolar municipal por Internet.

O desenvolvemento do proxecto realízase en colaboración coa entidade "Atelier Social". O lanzamento desta canle virá acompañado dun obradoiro de formación audiovisual e de xornalismo para o alumnado participante, cos recursos e coñecementos suficientes para que os propios rapaces e rapazas sexan quen de realizar as distintas pezas audiovisuais.



Preocupación polos atrasos na vacinación

Paralelamente, o Concello do Porriño trasladou a súa "preocupación" á Dirección da Área Sanitaria de Vigo polos atrasos na vacinación do persoal do Servizo

de Axuda no Fogar (SAF), atribuídos a "problemas técnicos".

Na carta enviada desde a Alcaldía, dise que "a día de hoxe cóstanos que soamente foron vacinados cinco traballadores dun total de cincuenta e cinco".

O porriñés Avanza con boas sensacións de cara ao OPEN España 2021 de ciclismo



Tras un ano sen probas pola Covid-19, os catorce riders da escola de ciclismo Avanza de O Porriño, nas categorías Cadete e Junior, trasladáronse ata o localidade madrileña de Villa del Prado para participar na SUPER CUP UVES-X-SAUCE VILLA DEL PRADO como previo e o inicio do OPEN DE ESPAÑA XC-FIDIS, a comezar a vindeira fin de semana no parque forestal Cerro de las Contendas en Valladolid.

O primeiro podio chegaba da man de Andrés Martínez na categoría Cadete masculino. Na categoría feminina, Uxía Soto conse-

guía impoñerse e subir o máis alto do podio acompañado no terceiro posto pola súa compañeira de equipo Aroa Otero. Unha semana antes, Otero conseguía impoñerse con autoridade na localidade leonesa de Bembibre onde disputou COPA BEMBIBRE DE BTT, sen esquecermos de Marte Estévez que conseguía cruzar a liña de meta en cuarta posición.

Os dous seguintes podios chegarían da man da categoría Junior, con Laura Mira na posición de prata e na categoría Junior masculino, Gabriel Conde conseguía o segundo bronce.

O Porriño apúntase ao "Recicla e Supérate!"

Un contedor amarelo xigante estará exposto fronte á Casa Consistorial do Porriño para superar o reto "Recicla e Supérate", promovido dende Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en colaboración coa entidade sen ánimo de lucro, dedicada á reciclaxe e á economía circular, Ecoembes.

Esta acción de impacto na rúa desenvólvese de simultaneamente nos 15 concellos galegos convocados nesta segunda edición do reto que ten como obxectivo último incrementar a conciencia de reciclaxe e seguir afianzando o hábito continuado entre a poboación.



Este reto ten unha premisa sinxela: os concellos participantes que melloren, cando menos un 10% a súa achega ao contedor amarelo (envases de plástico, latas e briks) entre o 1 de febreiro e o 30 de abril, comparado co mesmo período do ano anterior,

conseguirán un premio de 2.000 euros para dedicar a unha causa social local da súa elección. A iniciativa desenvólvese en Ourense, Ferrol, Arteixo, Carballo, Ribeira, Ponteareas, Lalín, O Porriño, Boiro, Teo, A Estrada, Sanxenxo, Tui, Viveiro e Cambados.

Segunda edición da 'Batalla de debuxantes Improvisado'

O Concello do Porriño presentou a segunda edición da 'Batalla de Debuxantes Improvisado', un certame "singular e único que organiza o Concello coa intención de crear novas formas de expresión artística, querendo romper estándares e normas non escritas da arte".

Para esta edición "vaise simplificar o método de inscrición a

través dun formulario nunha páxina web específica do concurso Improvisados que ademais terá vídeos da edición anterior e un capítulo de preguntas frecuentes", explicou Pablo Castiñeira, responsable de "Vella Escola", entidade produtora do certame.

Outras novidades son o aumento da bolsa dos premios e o escenario da final, o Parque do Cristo.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURINHA

O PORRIÑO - MOS

Aberto o prazo para solicitar ás subvencións municipais para as comunidades de augas

O Concello do Porriño informa de que xa está aberto o prazo para presentar as solicitudes para beneficiarse das subvencións municipais ás comunidades de auga potable, que este ano 2021 teñen un importe total de 95.000 €.

A convocatoria publicouse o pasado día 2 no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), entrou en vigor a partir do día seguinte, por un período de dous meses.

A convocatoria, a través da Concellería de Infraestruturas e

Urbanismo que dirixe Pedro Pereira, ten por obxecto apoiar e promover, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de subvencións entre as comunidades de usuarios de augas de consumo do Porriño que reúnan os requisitos establecidos nas bases.

O obxecto das axudas comprenderá a contratación de obras de reparación, substitución de redes de distribución cando non superen os 20 metros, así como os gastos correspondentes a análíticas de control sanitario e

os gastos de mantemento e conservación en captación de augas, sistemas de almacenamento e potabilización e mantemento das instalacións.

Para estas axudas estableceuse un importe máximo de 8.000 euros por asociación.

No ano 2020 repartíronse un total 59.976 euros nas achegas municipais que acadaron dez comunidades, conforme a resolución final da comisión de avaliación que presidiu o concelleiro de Infraestruturas, Pedro Pereira asistido por tres técnicos municipais.

O Concello fixo unha nova entrega de trampas contra a velutina



A Concellería de Medio Ambiente, a través do seu responsable, Sergio Casal, entregou a José Porto, en representación dos apicultores do Porriño, materiais para a loita contra o avance da vespa velutina.

O concelleiro entregou 120 litros de líquido atractivo e 30

trampas para protexer as colmeas da abella autóctona e a produción do mel galego.

Sergio Casal explicou que con esta nova achega xa hai máis de 300 trampas instaladas e distribuídas entre os produtores de todo o municipio para combater a praga da avespa velutina.

Convócase xuntanza da Comisión Especial para a Descontaminación do Lándano

Alcaldesa Eva García asinou a convocatoria da Comisión Especial para a Descontaminación de Lándano, que se reunirá de novo o mércores 24 de marzo, ás 19:00 horas, no salón de plenos do Concello.

Nesta reunión, o goberno local informará sobre as calicatas que están a desenvolver no municipio as empresas "Geocysa" e "Edafotec". Forman parte da comisión todos os grupos políticos da corporación (PP, PSOE, EU SON, BNG e UDDL). Tamén están representadas as Concellerías de Medio Ambiente e de Sanidade da Xunta de Galicia; os tres principais sindicatos (CCOO, UXT e CIG); representantes veciñais de Relva, Alba e San Salvador; a Plataforma de Afectados polo Lándano e, a partir deste vindeiro mércores,



incorporase a asociación "Ecoloxistas en Acción".

Tarxetas para control da poboación felina

Pola súa banda, Lourdes Moure, concelleira de Seguridade, asistida por Daniel Rodríguez, inspector xefe da Policía Local, entregou as tarxetas acreditativas ás voluntarias e voluntarios que participan na campaña de

control da poboación felina que promove o Concello.

Por outra banda, a concelleira informou de que o acordo para a esterilización da poboación felina xa se renovou por segundo ano. Contratouse cunha clínica veterinaria local que nesta ocasión será "Lupus", á que se adxudican 3.000 euros por estes traballos.

Presentación do Comité de Empresa do Servizo de Axuda no Fogar de Mos



Con motivo da súa recente constitución, o novo Comité de Empresa de Idades, concesionaria do Servizo de Axuda no Fogar, SAF, do Concello de Mos, realizou a súa presentación oficial na Casa Consistorial mosense ante a alcaldesa, Nidia Arévalo, a concelleira de Política Social e Igualdade, Sara Cebreiro, e a funcionaria xefa de departa-

mento e coordinadora das Traballadoras Sociais municipais, Loli Lago.

Por parte do Comité de Empresa de Idades asistiron dúas representantes dos traballadores de CC.OO., Natalia Fernández Fernández e Chus Fernández Silva, xunto con outros dous representantes do sindicato a nivel autonómico.

Máis de 230.000 euros na mellora de camiños en 4 parroquias de Mos

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o tenente alcalde e concelleiro de Vías e Obras, Camilo Augusto, informaron de que se aprobou en sesión ordinaria semanal da Xunta de Goberno Local o inicio da licitación do contrato para a mellora da pavimentación de 5 camiños municipais nas parroquias de Pereiras, Cela, Guizán e Louredo.

Os 5 viais a mellorar son o Camiño da Xaberga en Pereiras, o Camiño do Couso, tamén en Pereiras, o Camiño de Pardellas na parroquia de Cela, o Camiño Mosqueira en Guizán e o Camiño Piñeiro en Louredo. Estas obras de optimización da seguridade viaria mediante reposición da capa de rodadura e asfaltado, acometeranse con fondos propios municipais. E forman parte do obxectivo do goberno local mo- sense de realizar unha batería



de asfaltados ao ano, incluídos no denominado Plan Anual de Mellora de Viais Municipais.

O orzamento desta serie de 5 asfaltados ascende a 231.611,70 euros. A realización da mellora da pavimentación dos camiños suporá cos accesos ao grupo sindical de Pereiras veranse moi mellorados, o acceso a zona alta de Guizán, así como de Cela, facilitando a comunicación interna das distintas parroquias.

Os camiños teñen unha lonxitude de: Camiño Mosqueira (Guizán), 271,00 m., Camiño Piñeiro (Louredo), 488,50 m., Camiño Xaberga (Pereiras), 538,00 m., Camiño Couso (Pereiras), 775,00 m. e Camiño Pardellas (Cela), 1001,00 m. O que fai un total de 3073,5 metros.

O prazo estimado para a realización destas obras de rehabilitación superficial do firme é de 15 semanas.

Mos contratará 47 novos traballadores

O Concello de Mos contratará a 47 novos traballadores durante os vindeiros meses, segundo anunciaron a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e a concelleira de Persoal Promoción Económica, Desenvolvemento Empresarial e Emprego, Julia Loureiro.

Con cargo á liña 3 do Plan Concellos, contrátase persoal en

áreas como operario de limpeza viaria, recolledor de residuos, operario de mantemento de parques e xardíns, peón de obras públicas e operario de mantemento de edificios deportivos, igualdade de xénero e policía local, entre outros. A duración do contrato é de 6 meses a xornada completa e o proceso de selección atópase xa en marcha.

Humanización de Guizán e mellora do Camiño do Pazo en Tameiga

As dúas obras acometidas con cargo a unha subvención do Plan Concellos, a Humanización da Estrada Louríño-Sobrás en Guizán e a mellora da seguridade viaria o Camiño do Pazo en Tameiga, atópanse ambas iniciadas e avanzando a bo ritmo. A Humanización de Guizán comezou o 1 de febreiro e a mellora do Camiño do Pazo fíxoo o 9 de marzo. A Estrada Louríño-Sobrás, ten un orzamento de 261.467,64 euros, e o Camiño do Pazo, un orzamento de 57.270,68 euros.



A maiores, o Concello acometeu con fondos propios a instalación de 150 metros de canalización para o servizo de saneamento de vivendas do Camiño do Pazo.

A Deputación inicia o programa de mantemento dos campos de fútbol con primeiras solicitudes para 71 instalacións de 29 concellos

O Plan de Mantemento de Campos de Fútbol da Deputación de Pontevedra iníciase un ano máis co fin de conservar nas mellores condicións os terreos de xogo da provincia. Ata o de agora o ente provincial xa recibiu solicitudes para 71 instalacións deportivas correspondentes a 29 concellos a fin de levar a cabo os traballos de acondicionamento. Nos últimos días a Deputación xa actuou nos campos de herba sintética de Ribadelouro, no concello de Tui, e Vilaxoán, en Vilagarcía de Arousa, e fará o propio con outros 48 terreos deste tipo e 21 de herba natural. A vindeira semana continuarán os traballos en tres instalacións de Vilagarcía, concretamente nos campos municipais de Berdón, María Paz Vilas e Manuel Jiménez Abalo.

Entre as actuacións máis demandadas atópanse a limpeza, descompactación, cepillado, reposición de caucho ou área e picado. Todos os concellos da provincia que o desexen poden solicitar este servizo provincial que, polo de agora, dará mantemento a instalacións dos 29 concellos que xa o demandaron: A Estrada, Arbo, Baiona, Barro, Cambados, Covelo, Gondomar, Lalín, Moaña, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vilaboa, Vila de Cruces, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.



A través desta iniciativa, a Deputación acondicionou o ano pasado un total 88 campos de fútbol, dos que 61 correspondían a instalacións de herba sintética e os 27 restantes a canchas de herba natural. Deste xeito, o plan de mantemento garante a recuperación das instalacións proporcionándolle aos concellos a maquinaria e a man de obra precisa para poder levar a cabo labores de conservación e entender así a súa vida útil.

Mos súmase ao proxecto europeo contra o cambio climático



Coincidindo co Día Mundial da Auga a celebrarse este 22 de marzo, a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, recibiu unha carta do alumnado de 4º B de Primaria do Colexio de Pena de Francia para pedirlle a súa axuda na participación da clase no proxecto europeo eTwinning contra o cambio climático.

A alcaldesa Nidia Arévalo e os

concelleiros de Educación, Julia Loureiro, e Medio Ambiente Sostible e Mocidade, Leo Costas, manterán unha xuntanza por videoconferencia próximamente cos alumnos e a súa mestra, en aras de poñer en marcha as iniciativas propostas coa finalidade de acadar o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible: Auga e saneamento para todos antes de 2030.

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda duplica o gasto social no seu orzamento anual

O Concello de Salceda de Caselas aprobará inicialmente o seu orzamento anual para 2021 na sesión do Pleno Ordinario que se celebrará mañá xoves de xeito telemático, por mor da situación sanitaria. Son as contas máis altas da historia do Concello, e chegan aos 6.001.431,80 €.

Entre as novidades deste orzamento destaca o gasto social, que pasa de 693.000 € a case 1.400.000, destacando o incremento de 550.000 € que se fai para o servizo de axuda no fogar.

Outra das novidades importantes das contas é a creación de novas subvencións nominativas, unha vez que se rematou o plan de axuste vixente ata o ano 2020 e que viña impedindo estas novas axudas. O gasto neste tipo de subvencións situárase nos 126.000 €, 34.000 máis que ata o de agora, e acollerá novos colectivos como a escola de fútbol Denis Suárez, a agrupación de



voluntarios/as de protección civil, ACISA, a asociación 13/14, a asociación de mulleres rurais, ou a asociación AFAGA á que recentemente o Concello ven de cederlle o uso do edificio da antiga escola de Vendanova.

Por vez primeira, o orzamento inclúe unha liña de axudas por concorrencia competitiva ás traídas de augas veciñais, cunha partida de 30.000 €..

Destaca tamén o capítulo de investimentos de case 500.000 €, que vai permitir a execución de pequenos tramos de saneamento nas diferentes parroquias, a mellora de parques infantís,

instalacións deportivas e outras zonas de ocio, ou a obra de reforma do tellado do CDL do Torrón entre outras.

No capítulo de ingresos, a principal novidade que permite sustentar os investimentos e axudas mencionadas, ven dado polo incremento de 200.000 € na participación dos tributos do Estado, e os 800.000 € de recadación de impostos directos derivados do anuncio do Ministerio de Hacienda a través da Xerencia do Catastro, do inicio do procedemento simplificado de valoración catastral que está a levar a cabo en Salceda, Porriño, Mos e Bueu.

Salceda e Salvaterra solicitan conxuntamente unha axuda para o obradoiro de emprego 'Sustentable'

Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño veñen de solicitar á Xunta de Galicia unha subvención para a realización dun obradoiro de emprego denominado 'Sustentable'.

Este Obradoiro no que participarán 20 alumnos traballadores durante 9 meses, será solicitado conxuntamente polos dous concellos e nel impartiranse os certificados de profesionalidade de Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería e Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes, ámbolos dous de nivel 1 e Xestión de residuos urbanos e industriais e Limpeza en espazos abertos e instalación industriais ámbolos dous de nivel 2.

As prácticas profesionais desenvolveranse en ámbolos dous concellos con excepción do certificado de Actividades auxiliares



en conservación e mellora de montes que se realizará íntegramente en Salvaterra de Miño, concretamente en Monte Castelo, Pesqueiras e o de Xestión de residuos urbanos que se realizará no Concello de Salceda.

Os obradoiros duais de emprego configúranse como programas mixtos de emprego e formación que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoito

ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

A Xunta adxudica a redacción do proxecto do novo ramal de saneamento en S. Estevo de Budiño



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, vén de adxudicar a redacción do proxecto construtivo do novo ramal de saneamento en Santo Estevo de Budiño, no concello de Salceda de Caselas.

Este contrato, cun investimento autonómico de máis de 18.000 euros, foi adxudicado á empresa Urbing, Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. O prazo de execución é de 6 meses.

O obxectivo deste traballo é analizar as alternativas para completar o saneamento de Santo Estevo de Budiño e definir as actuacións necesarias para recoller as augas residuais da parte do Cerquido e en parte do polígono industrial de Salceda, que non puideron ser conectadas durante a execución das obras realizadas por Augas de Galicia no ano 2015 por problemas de cota.

A este respecto, cómpre lem-

brar que a Xunta executou a mellora do saneamento en Santo Estevo de Budiño, cun investimento de máis de 1,6 millóns de euros. A intervención permitiu conectar as vivendas e naves industriais situadas na parroquia de Santo Estevo de Budiño, e tamén unha pequena parte delas situadas no concello do Porriño, ao colector interceptor xeral do río Louro, que á súa vez transporta as augas residuais cara á depuradora de Guillarei para o seu tratamento.

Con este novo contrato, a Xunta impulsa o deseño da nova rede de saneamento para as vivendas e industrias das citadas zonas que non puideron ser conectadas, xa que se atopaban nunha cota inferior á do colector principal. Isto é posible, unha vez constatada a posta a disposición dos terreos necesarios para levar a cabo os traballos por parte dos veciños.

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

SALCEDA DE CASELAS

Unanimidade para reclamar estudos postobrigatorios

O Pleno do Concello de Salceda aprobou por unanimidade a moción presentada de xeito conxunto polos tres grupos da corporación (MS, PSOE e PP), para instar á Xunta de Galicia a que proceda canto antes á ampliación do IES Pedras Rubias, así como á instauración de ensino postobrigatorio no municipio.

Salceda de Caselas conta na actualidade con un único centro de educación secundaria, o IES Pedras Rubias, que acolle unicamente os estudos da ESO, e que conta nestes momentos con 342 estudantes. Salceda de Caselas é na actualidade un dos municipios con maior taxa de natalidade de Galicia, o que fai fundamental a necesidade de existencia de infraestruturas educativas para acoller á súa poboación escolar.

Xa dende o curso 2017/2018, a dirección do centro ven manifestando a necesidade real de que se amplíe o número de aulas, insuficientes polo contínuo aumento de alumnado, e que neste curso se viu empeorado pola situación da covid 19, que obrigou a converter en aulas espazos como a biblioteca, o salón actos, a sala de mestres/as ou a aula de música.

Na mesma liña, a dirección ven solicitando que se establezan estudos de bacharelato no centro, para que deste xeito o alum-



nado de Salceda de Caselas teña a posibilidade de continuar a súa formación postobrigatoria sen saír do seu Concello, co que iso conleva para as súas familias tanto no que a conciliación se refire como ao esforzo económico que supón actualmente a formación en centros educativos doutros municipios.

A isto engádesse o feito de que o IES Pedras Rubias non ten asignado neste momento ningún centro adscrito para a continuidade dos estudos do seu alumnado, o que na actualidade está orixinando situacións de incerteza que en moitos casos ata ben avanzados setembro non se ven solucionadas, deixando os mozos e mozas de Salceda nunha clara situación de discriminación con respecto ao alumnado dos Concellos limítrofes que si ven garantida a súa praza nos centros de referencia. Como exemplo próximo, o Concello de Salvaterra conta co mesmo número de alum-

nos no cuarto curso da ESO e dispuña ata o de agora con dous bacharelatos a elixir. Nestes días a Xunta ven de conceder un terceiro bacharelato a Salvaterra, deixando unha vez máis fora a Salceda. Así pois seguen a ser escasas as escasas posibilidades do alumnado de Salceda, que ten que agardar a ver as prazas que quedan dispoñibles nos demais centros próximos.

Tamén as ANPAS dos diferentes centros educativos de Salceda (E. I. A Galiña Azul, CRA Raíña Aragonta, CEP Altamira e IES Pedras Rubias), así como a Asociación SAPIX (Salceda pola Infancia e a Xuventude) teñen solicitado á Consellería de Educación a ampliación do centro e a implantación de estudos postobrigatorios, así como a inmediata adscrición do IES a outro centro con estudos postobrigatorios, sen que ata o de agora se obtivese unha resposta afirmativa a esta solicitude.

Salceda traballa en bonificacións sociais no IBI



O Concello de Salceda de Caselas traballa na modificación da ordenanza reguladora do IBI, na liña de poder realizar bonificacións ás persoas e familias máis desfavorecidas despois de revisión anunciada unilateralmente dende o catastro.

A Alcadesa, Loli Castiñeira e o equipo de goberno coinciden en que o máis xusto ante estes cambios é ofrecer beneficios fiscais a aquelas persoas que máis o precisan, baseándose na situación

socioeconómica da veciñanza, no lugar de plantexar baixadas lineais que non teñen en conta esta situación.

Ademais, anunciou a creación da oficina de atención e asesoramento para os trámites da veciñanza con respecto a este proceso, que contará con catro persoas en atención ao público no propio Concello, evitando deste xeito que a veciñanza teña que desprazarse ás oficinas de catastro de Porriño e Tui.

BNG esixirá aumento de persoal médico en Salceda



O BNG presentará no Parlamento Galego novas iniciativas para esixir que a Consellería de Sanidade e o SERGAS cumpran co compromiso de aumentar persoal médico e de enfermaría no Centro de Saúde de Salceda de Caselas. O deputado Luís Bará visitou este centro, para coñecer a situación en que se desenvolve a asistencia sanitaria; recolleu información e a demanda de melloras que lle comunicaron membros da Xunta Directiva da Asociación de Pensionistas e Xubilados de Salceda.

O Centro de Saúde de Salceda non conta co persoal que se co-

rrespondería co demanda existente; nestes momentos, nas catro consultas de medicina, cada profesional ten no seu cupo uns 1.650 pacientes; cando a ratio médico/paciente que ten establecido o SERGAS está nos 1.300 pacientes. A situación asistencial do día a día é de saturación; o que se trata de paliar transitoriamente con persoal de refozo.

Comentouse tamén a alta demanda de atención á poboación infantil de Salceda; un dos concellos de Galiza co índice máis alto de natalidade; polo que se considera necesario tamén aumentar persoal en Pediatría.

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
Ponteareas ☎ 654 07 57 51

BAIXO MIÑO

TUI

O Concello de Tui realiza labores de mantemento no Paseo Fluvial

O Concello de Tui está a executar estes días labores de mantemento e conservación no Paseo Fluvial e nas súas proximidades.

Por unha banda estanse a revisar, reparar e conservar os elementos dos dous parques infantís situados no Paseo, un nas proximidades das escaleiras de subida á praza da Estrela, e outro no Penedo. Tamén se realizan labores de reparación e conservación nos biosaudables.

Por outra parte leváronse a cabo tarefas de limpeza dos bancos e mesas de pedra situadas no Paseo Fluvial. Tamén se aplicou tratamento para a conservación da madeira dos bancos, para aumentar a súa durabilidade, e se repararon ou substituíron as pezas en mal estado.

Amais as fontes existentes ao longo do paseo van ser subs-

tituídas dado o mal estado de conservación, sendo reemprazadas por outras dobres adaptadas para o consumo humano, pero que tamén prestan a función de bebedeiro para cans. Deste xeito dáse resposta á demanda de moitos donos de mascotas que adoitan pasear por este lugar.

Tamén se ten actuado no lavadoiro situado na Baixada ao Embarcadoiro onde se levou a cabo a limpeza de muros e do propio lavadoiro, poda de plantas e revisión do sistema de desague, para evitar desbordamentos. Deste xeito ponse en valor este conxunto patrimonial.

Estas actuacións complementaranse con tarefas de xardineiría, introducindo plantas de temporada que aporten cor e vistosidade ao entorno.

Dende a concellería de Parques e Xardíns explican que este é o



comezo dun traballo intensivo que se vai estender ao longo dos próximos meses co obxectivo de que todos os parques infantís, tanto no centro urbano coma nas parroquias, estean nas mellores condicións para o seu disfrute por toda a familia. Ao tempo solicitan a colaboración cidadá cun uso responsable destes espazos.

O Concello crea os premios "Cidade de Tui"

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui acordou a creación dos Premios "Cidade de Tui" para recoñecer anualmente con carácter honorífico aquelas persoas e entidades do noso concello que teñan realizado unha achega de carácter exemplar á vida local ou teñan contribuído coa súa traxectoria á promoción de Tui, así como a súa convocatoria para este ano 2021.

O Concello de Tui cómpre recoñecer o labor relevante que realizan tanto persoas como colectivos e que coa súa achega promoven o desenvolvemento da cidade. Os premios terán dúas modalidades: individual para premiar a unha persoa física que estea vencellada, dalgún xeito, ao mu-



nicipio de Tui e os seus cidadáns; e modalidade colectiva para premiar a unha persoa xurídica (asociación, entidade ou colectivo de carácter cultural, social, empresarial, etc.) que teña desenvolto un labor de especial proxección para Tui.

Tui reinveste 9 mil euros dunha baixa do Plan Concellos en equipamentos informáticos

O Concello de Tui vén de adquirir novos equipamentos informáticos grazas ao reinvestimento dunha baixa do Plan Concellos 2018/19 da Deputación de Pontevedra de "Mellora dos vestuarios no polideportivo municipal (vello) en Tui" por importe de 9.189,95€, IVE incluído.

En concreto foron adquiridos 12 monitores led panorámicos e

27"; 6 pc de sobremesa; 3 tablets; 6 discos de memoria de 8 GB; 13 módulos de memoria de 4GB; e 2 discos SSD.

Á adquisición deste equipamento informático súmase a recuperación de equipos antigos, que cunha pequena actualización poden ter unha segunda vida útil.

Con esta actuación cúmprense tres obxectivos fundamentais: a política de reinvestimento das

baixas obtidas dos procesos de licitación do Plan Concellos; o cumprimento dos compromisos adquiridos coa sinatura do Pacto de Alcaldes polo Clima, apostando unha vez máis pola economía circular; e a mellora das ferramentas dispoñibles para avanzar na administración electrónica, que hoxe máis que nunca resultan imprescindibles para a atención da cidadanía.

O Concello de Tui ofrece 5 cursos para os sector do comercio e hostalería en liña e gratuítos

Até o 25 de marzo está aberto o prazo de inscricións para os cursos de formación en liña para os sectores da hostalería e comercio que ofrece o concello de Tui en colaboración con informática San Benito. Son cursos 100 subvencionados polo SEPE, dirixidos a persoas traballadoras destes dous sectores, autónomos e persoas traballadoras de calquera sector que estean en ERTE. Ao remata da actividade formativa as

persoas participantes recibirán un certificado oficial.

Os cursos ofertados son "Atención ao cliente e calidade no servizo", "Habilidades de venda no comercio" e "Internet comercio electrónico" para o sector comercio. Mentres "Innovación na cocina" e "Xestión da restauración" van dirixido ao sector hostaleiro.

As persoas interesadas poden ampliar esta información no 608 844 058, no 986 60 8920 ou no correo formacion@sanbenito.es



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

Nova área recreativa na sede do CRA Mestra Clara Torres en Tui

O Concello de Tui iniciou as obras de acondicionamento da área recreativa na sede do Colexio Rural Agrupado Mestra Clara Torres, nas Bornetas. Os traballos, financiados con fondos do Plan Concellos 2019 da Deputación de Pontevedra, adxudicáronse nun procedemento en aberto á em-

presa Sodein Solucións Integrals por un importe de 87.271,55, cun prazo máximo de execución de 2 meses.

A obra abrangue unha superficie de 346 m². Consistirá nunha serie de actuacións previas, seguindo a nova política de parques e xardíns que contempla o acondicionamento e recuperación de

espazos de lecer ao aire libre para o goce de todos e cada un dos membros da unidade familiar. Tamén se vai acondicionar unha área de biosaludables, a colocación de mobiliario e a cuberta de céspede artificial.

Cabe facer unha mención especial ao nomeamento no pasado ano 2020 ao CRA Mestra Clara To-



rres como a Mellor Escola de España, sendo un exemplo para todo o país de dinamización en con-

tornas rurais a través da participación e implicación das familias e da comunidade que forma parte.

O Concello de Tui reinveste unha baixa do Plan Concello nun tanque e chafariz de combustible co software de control

O Concello de Tui investiu 15.212 €, procedentes dunha baixa da licitación da Substitución da Cuberta da nave de Guillarei ao abeiro da liña 1 do Plan de Concellos 2018-2019, na adquisición dun tanque e chafariz de combustible.

Trátase dun tanque e chafariz de combustible (gasóleo) de dobre manguera, con capacidade de 10.000 litros, que se colocou na nave municipal de Guillarei. Tamén se adquiriu o software e material necesario para o control eficiente do consumo do gasóleo.

Con este novo sistema de almacenaxe incrementase a capacidade do depósito, pasando dos 5.000 litros de capacidade aos 10.000 litros. Isto posibilita unha mellora notable na negociación de prezos do combustible. Este



novo chafariz ten a maiores dúas mangueras, o que permite a repostaxe de dous vehículos á vez, reducindo o tempo de espera.

Outra das melloras, é o programa de software sinxelo e eficiente para control de consumos, que ten en conta o gasto pormenorizado por vehículo, por percorrido e condutor, isto permite crear estratexias de desprazamentos maximizando a eficiencia da

frota dos vehículos municipais.

Un 95% dos vehículos municipais funcionan con carburante gasóleo, incluídos os vehículos que prestan o servizo de recollida de lixo.

As melloras conseguidas co novo chafariz, veranse reflectidas nunha baixada do gasto no consumo de gasóleo para vehículos, que poderán ser analizadas ao final deste exercicio 2021.

Aumentan os colectores de recollida selectiva con 5 novos contedores de papel e 12 de envases

O Concello de Tui recibiu hai uns días de ECOEMBES novos colectores para a recollida selectiva. En concreto foron 12 colectores amarelos para envases, e 5 para a recollida de papel e cartón.

Deste xeito o concello de Tui segue a ampliar o número de colectores dispoñibles para a recollida selectiva tanto no centro urbano coma nas parroquias.

Precisamente Tui é un dos 15 concellos concellos que participan na campaña de incentivo da reciclaxe "Únete ao reto". O obxectivo é entre o 1 de febreiro ao 30 de abril, mellorar, cando menos, nun 10% a achega ao contedor amarelo (envases de plástico, latas e briks) respecto ao mesmo período do ano pasado. Aqueles concellos que consigan



este obxectivo lograrán un premio dotado con 2.000 euros que terán doar a unha causa social local da súa elección.

A entidade sen ánimo de lucro Ecoembes xestiona a recuperación e a reciclaxe dos envases de plástico, as latas e os briks (contedor amarelo) e os envases de cartón e papel (contedor azul) en toda España.


**GASOLEOS
TEA**

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO


PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



CONFITERIA
Regino

Rosquillas . melindres . variadito de pasteles
sublime de cacao . tarta de té
rocas de chocolate . tarta de framuesa
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834

BAIXO MIÑO

A GUARDA

O PSdeG lamentou o veto da Xunta ao acceso sur do Porto da Guarda

Durante a comparecencia parlamentaria da presidenta de Portos de Galicia, a deputada socialista por Pontevedra, Leticia Gallego, lamentou o veto da Xunta de Galicia á construción do acceso sur ao Porto da Guarda, criticando así o “agravio” do goberno galego cos

municipios doutra cor política.

“A Guarda ten un porto pesqueiro que, na actualidade, carece dunha vía de comunicación aceptable coa estrada PO-552”, sinalou Gallego, quen incidiu en que “isto dificulta moito o tráfico de vehículos, especialmente, os pesados”.

A deputada socialista destacou

que o proxecto ten o aval de diversas asociacións guardesas como ORPAGU, Piueiro, Alagua ou a Confraría de Pescadores, ademais de que conta co impulso do propio Concello da Guarda e da Deputación de Pontevedra. Sinalou que o custe da infraestrutura, que suporía un investimento aproxi-



mado de 2,4 millóns de euros, “debe ser asumido conxuntamente” pola administración municipal e pola Xunta de Galicia.

A Xunta comeza as obras da nova escola infantil da Guarda

AXunta de Galicia e o Concello de A Guarda anunciaron o inicio das obras da nova escola infantil deste municipio. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez; acompañado do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Luis López Diéguez; e do alcalde do municipio, Antonio Lomba Baz, visitou o comezo desta actuación coa que se mellorarán as posibilidades de conciliación das familias da zona.

O investimento ascende a 692.000 euros, dos cales a Administración autonómica achega 410.000 (cofinanciados nun 80% polo Fondo Europeo de Desen-



volvermento Rexional Feder) e o Concello os 282.000 restantes. O prazo de execución é de 14 meses, polo que se prevé que o centro entre en funcionamento para o curso 2022-2023.

Coa nova escola infantil a ratio de cobertura de prazas públicas e de iniciativa social de 0 a 3 anos na Guarda elevarase ata o 49%, 16 puntos por riba da recomendada pola Unión Europea.

A unidade móbil de doazóns de sangue estará instalada na Guarda o 25 de marzo

A unidade móbil do Centro de Transfusión de Galicia estará instalada na Rúa Rosalía de Castro (Ao Carón do Centro Cultural) o xoves 25 en horario de 10:00h a 14:00h e de 16:30h a 21:00h.

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) subministra compoñentes sanguíneos a todos os hospitais de Galicia. Cada día, as doazóns de sangue recollidas nos locais de doazón e nas 10 unidades móbiles envíanse ás dependencias de ADOS para o seu procesamento, análise e distribución.

Cada día os hospitais galego precisan entre 400 e 500 doa-



zóns de sangue para manter a súa actividade.

Para maior seguridade, pide a túa cita previa para doar no 900 100 828.

Para doar sangue hai que almorzar e despois de xantar espere 2 horas, levar a tarxeta de doazón, DNI ou documento similar e informar ao médico se está a tomar algún medicamento.



A GUARDA

O Parque Forestal de Camposancos permitiu pór en valor o monte Santa Trega e a eliminación de especies invasoras

O 16 de marzo, o Alcalde, Antonio Lomba; a Concelleira de Medio Ambiente, Montserrat Magallanes; técnicos de Medio Ambiente e representantes da Comunidade de Montes de Camposancos, visitaron o espazo recentemente habilitado coma Parque Forestal en terreos da comunidade no Monte de Santa Trega.

Este proxecto ten coma obxectivos principais a eliminación e control do incremento de acacias no monte, favorecer o espallamento de especies forestais frondosas autóctonas, de alto valor ecolóxico e a realización de traballos de prevención de incendios forestais.

As actuacións realizadas no monte estiveron encamiñadas a conquistar unha maior biodiversidade, maior valor paisaxístico intrínseco axeitado ca súa gran im-



portancia patrimonial, eliminar os efectos perniciosos dende o punto de vista ecolóxico das especies invasoras e reducir o risco de incendios forestais, actuando sobre unha superficie total de 77,67 hectáreas. A súa vez traballouse na rehabilitación de sendeiros que se atopaban impracticables por causa da vexetación.

Todalas actuacións realizá-

ronse de xeito manual, excepto a retirada de parte da madeira que se fixo de modo mecanizado desde o borde de pista ao punto de trituration.

Esta actuación realizouse grazas a una subvención para a creación de Parques Forestais por parte da Deputación de Pontevedra, cun importe superior aos 30.000 €

O Concello da Guarda mellora os espazos axardinados da estrada de Circunvalación

O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba; a Concelleira de Medio Ambiente, Montserrat Magallanes; técnicos de Medio Ambiente municipais e empregados da empresa de xardineiría San Jerónimo Emiliani, desprazáronse ata a estrada de Circunvalación para comprobar os traballos realizados no proxecto para a mellora estética das zonas verdes existentes na estrada de circunvalación ao seu paso polo barrio da Cruzada.

O concello encargou a proposta de mellora do axardinamento nesta estrada á empresa de xardineiría San Jerónimo Emiliani, xa que a mesma conta cunha ampla experiencia na zona debido a que desenvolve labores de mantemento na mesma.

Este proxecto contemplou a plantación de preto de 90 especies, entre as que destacan magnolios, hortensias, figueiras, ma-



droños, entre outras especies arbóreas e arbustivas, elixidas especialmente para estes espazos polas súas características e o seu mantemento, atendendo tamén a criterios biolóxicos, ecolóxicos, estéticos e económicos. A hora de redactar a proposta a empresa tivo en conta que a actuación está moi condicionada pola influencia dos ventos marítimos e a salitre.

Os traballos realizáronse nun total de 6 tramos, dende o Collexio M. Rodríguez Sinde ata a

altura do nº99 da estrada de Circunvalación, actuando en ámbalas dúas marxes da estrada.

Esta mellora do axardinamento na zona da cruzada hai que engadirle as actuacións que o concello está desenvolvendo noutros espazos da localidade, así se están replantando varias árbores ao carón da zona escolar da Sangriña, na Armona e en varias rúas da localidade, e se realizou unha mellora de axardinamento no inicio da rúa de baixada á Area Grande.

Rematan as obras de mellora da accesibilidade na Baixada á praia de Fedorento e na Sangriña

Esta semana remataron os traballos de mellora da accesibilidade na contorna do Estadio Municipal da Sangriña da Guarda e na baixada á Praia de Fedorento

No frontal do Estadio Municipal da Sangriña se procedeu á retirada da beirarrúa existente que se atopaba xa moi deteriorada e se executou unha nova de formigón en color ocre.

Na baixada á praia de Fedorento, ademais da mellora da beirarrúa existente, que se atopaba xa moi deteriorada, realizouse



tamén unha pre-instalación para telecomunicacións e subministración eléctrica, así coma a mellora da recollida de augas pluviais.

Estas obras contaron cunha subvención total de 48.361,55 € da Deputación de Pontevedra.

A Guarda convida a visitar o MASAT e Museo do Mar

Museo Arqueolóxico Santa Trega (MASAT)

O Museo Arqueolóxico de Sta. Trega (MASAT) ocupa o edificio deseñado como restaurante polo arquitecto porriñés Antonio Palacios. Por subscripción popular a Sociedade pro Monte compra e adapta o inmovible inaugurado como Museo en 1953 e no que se depositaron os materiais almacenados ata ese momento nun céntrico local da Guarda. Ofrece o MASAT unha completa colección de labras e esvásticas, de moedas romanas, de obxectos cerámicos, vidro... e como pezas singulares destacan un espléndido remate de torques decorado con finas filigranas e o cabezón do Trega, o achado máis emblemático das escavacións realizadas recentemente.

Horario: De martes a domingo:

Do 15/03 ao 31/03: de 10:00h a 19:00h

Do 1/04 ao 30/06: 10:00h a 20:00h

Tarifa actual de acceso ao Monte Santa Trega (inclúe o acceso ao MASAT): 1 € adultos; 0.50 € menores de 14 anos



Museo do Mar

O Museo do Mar atópase no Porto da Guarda, nunha atalaia ao final do paseo marítimo e conta con dúas coleccións: unha etnográfica cunha mostra das antigas artes de pesca e os seus aparellos e outra malacológica, cunha selección de cunchas de mar procedentes de todo o mundo.

Unha parte do patrimonio inmaterial está recollido en vídeos editados polo Concello: "Xentes do mar", "Lendas de mar", "Mulleres do mar" e "Tesouros vivos".

Horario: Sábados, domingos e festivos:

De 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h.

Tarifas: 1€ Adultos; 0,50€ menores de 14 anos



BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Tomiño auditará o alumeado público para optimizar as instalacións e o consumo

A Concellería de Servizos Públicos que dirixe Lois Vázquez, vai emprender en breve unha Auditoría do Alumeado Público de Tomiño, tanto de subministro pública, coma das instalacións utilizadas no Concello.

Os traballos levarán uns cinco meses para a súa realización, e comprenderán a inspección in situ de todas as instalacións de iluminación do municipio, así coma tamén a introdución en base de datos e sistema GIS de todos os datos do inventario de



iluminación pública.

A auditoría, que vén a actualizar a que se fixo hai xa varios

anos, incluírá tamén a análise do cumprimento de normativas das instalacións actuais e análise funcional das mesmas; así coma estudos luminotécnicos de todas as vías do municipio.

Os traballos, que estarán dirixidos por un enxeñeiro industrial especializado en temas de iluminación, conterán tamén unha clasificación enerxética das vías públicas; a elaboración de planos das instalacións, e de propostas de actuación, incluíndo o cambio a Led dos puntos de luz con outras tecnoloxías menos eficientes.

Tomiño demolerá o Xulgado de Paz para construír a Biblioteca

Nos vindeiros meses, o Concello de Tomiño demolerá o edificio no que se atopa o Xulgado de Paz para preparar o terreo de cara á resolución dos fondos europeos dos cales aspira a conseguir captar unha partida que axude a financiar a construción da biblioteca, que se levará a cabo no presente ano. Espérase conseguir tamén a reposición da partida orzamentaria do Estado conseguida no ano 2011 por un valor de 500.000 euros e que se terminou anulando.

O edificio, que irá situado en pleno núcleo urbano do Seixo a carón do Mercado Municipal, contará con catro andares ademais dun soto que albergará o arquivo municipal, o fondo bi-

bliográfico e outras dependencias. Na planta baixa estará o acceso principal ao edificio, e nela estarán os espazos máis ruidosos e dinámicos (área infantil, mediateca, espazo multiusos, etc.). O primeiro andar irá destinado á zona de consulta e estudo da biblioteca, ademais dunha zona de terraza-xardín exterior para a realización de actividades ao aire libre. No segundo andar instalaranse as dependencias da Concellería de Cultura e da Aula CEMIT, na que se poderán facer tamén actividades de formación, e na planta de baixocuberta haberá espazos de usos múltiples como a organización de conferencias e obradoiros, contando tamén cunha zona de terraza.

Eurocidade Cerveira-Tomiño organiza o IV Simposio Internacional de Escultura do Miño

A IV edición do Simposio Internacional de Escultura do Miño, organizado pola Eurocidade Cerveira-Tomiño, celebrarase do 15 de setembro ao 4 de outubro de 2021 no Espazo Fortaleza de Goián (Tomiño). O evento, previsto inicialmente

para o mes de xuño, tivo que adiarse por mor da situación xerada pola Covid-19.

Neste simposio participarán seis recoñecidos artistas a nivel mundial, baixo a dirección artística dos escultores Liliya Pobornikova e Nando Álvarez. Esta cuarta edi-

ción xa recibiu preto de 200 candidaturas procedentes de máis de 40 países. As seis novas obras de arte resultantes pasarán a formar parte do patrimonio escultórico das vilas, instalándose tres pezas en Tomiño e outras tres en Vila Nova de Cerveira.

A chef galega Toñi Vicente presentou en Tomiño o seu primeiro libro

A recoñecida chef tomiñesa Toñi Vicente na praza do Seixo o seu primeiro libro, "A miña cociña", que contou coa colaboración do Concello de Tomiño. O acto serviu tamén como homenaxe especial aos seus pais, Delmiro e Antolina, dos que aprendeu a amar a cociña de calidade feita con produtos da zona. No acto estivo acompañada pola alcaldesa de Tomiño, Sandra González, o fotógrafo do libro, Xulio Gil, e o editor José Luis Teófilo, de Teófilo Edicións.

Antes de comezar coas receitas, a chef, que conseguiu en 1989 a primeira estrela Michelin galega co seu restaurante Sibarís, reflexiona sobre os seus pri-



meiros pasos na cociña, evocando a súa feliz infancia marcada pola existencia do restaurante familiar no que viu cociñar á súa nai con gran destreza. Vicente explicou que os piares da

súa cociña, "unha cociña próxima e contundente", son a calidade da materia prima (carnes, hortalizas, peixes e mariscos) do país e a simplicidade unida á tradición.

PSOE Tomiño critica ao goberno municipal de "demagogia" no tema de futura biblioteca



As concelleiras socialistas Violeta de Santiago e Mirta Misa votaron en contra no pleno do pasado 8 de marzo sobre o expediente de modificación de créditos para o derrubio do edificio onde se construírá a demandada futura biblioteca de Tomiño, tomando en conta que existe "un remanente de tesourería de máis de tres millóns de euros, nun momento de fonda crise económica e social e cunha hostalería desangrada e sin ningunha axuda municipal"

O PSOE tomiñés cualifica de

"curioso" o feito de que o Goberno local pretenda buscar fondos na Xunta de Galicia, no Goberno do Estado e tamén no fondo de recuperación europeo "Next Generation", "mesmo cando os nacionalistas en Madrid votaron en contra do decreto que regula a execución dese fondo para a recuperación económica e social e ter asegurado que España e Europa son a ruína de Galicia". Para as e os socialistas de Tomiño isto é "unha boa mostra da demagogia, incoherencia e irresponsabilidade do BNG".

PSdeG reclama a Feijóo que levante a peaxe AG-57 entre Puxeiros e Val Miñor

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, reclamou ao presidente da Xunta que siga o camiño do goberno de España e levante a peaxe da autoestrada autonómica AG-57 entre Puxeiros e o Val Miñor.

O responsable socialista desprazouse ata o Val Miñor, onde mantivo unha xuntanza cos alcaldes socialistas de Gondomar, Francisco Ferreira; Baiona, Carlos Gómez; e Nigrán, Juan González. Neste sentido, Caballero criticou que “mentres o goberno de España vai bonificar a AP-9 ata 2048”, o PP ten previsto manter o pago polo uso da autoestrada no Val Miñor ata 2045.

Avance para a variante de Ponteareas

Noutro marco de actuación, Caballero puxo igualmente en valor o compromiso do goberno



de España coas infraestruturas de Ponteareas e da comarca do Condado. Así o dixo logo de coñecer a posta en marcha da tramitación da circunvalación de Ponteareas para conectar a N-120 coa autovía A-52 cun investimento estimado de sete millóns de euros. Sinalou esta actuación logo de anos nos que o PP “non fixera nada im-

portante” por estas infraestruturas.

O líder dos socialistas galegos emprazou ao presidente da Xunta a “colaborar co goberno de España, non xerar confusión, olvidarse da estratexia de salvar a Semana Santa e permitir certa actividade pero protexendo a saúde e o nivel de contaxios” pola covid.

Oia mellora a accesibilidade do Centro Sociocultural de Pedornes coa instalación dun ascensor



O Concello de Oia vén de acometer as obras de mellora da accesibilidade no Centro Sociocultural de Pedornes, consistentes na instalación dun ascensor como alternativa aos accesos existentes ata o de agora: dous tramos de escaleiras ou ben un camiño con moita pendente.

Estes accesos eran a única maneira de entrar no centro, o que supuña unha dificultade para que as persoas con problemas de mobilidade puideran asistir de forma autónoma ás distintas ac-

tividades socioculturais que alí se organizan.

As obras supuxeron un investimento total de 27.931,18 euros. Deste total, 19.272,51 corresponden a fondos propios do Concello e os restantes 8.658,67 euros foron subvencionados a través do Plan Concellos 2020 da Deputación de Pontevedra.

O proxecto para a instalación do ascensor do Centro Sociocultural de Pedornes foi elaborado polo arquitecto redactor do proxecto orixinal de construción do centro, Luís Miguel Zozaya.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

PONTEVEDRA

A Deputación lanza a II edición do concurso “Reacción polo clima” con 4.000 € en premios para os mellores audiovisuais sobre cambio climático

A Deputación de Pontevedra vén de publicar a segunda convocatoria dos premios “Reacción polo clima” que, dotados con 4.000 €, premiarán ás mellores pezas audiovisuais elaboradas por mozas e mozos da provincia, de entre 16 e 30 anos, centradas no cambio climático. Unha vez publicadas as bases hoxe no BOPPO, rapaces e rapazas poderán presentar desde este martes os seus proxectos para o que teñen de prazo ata o 16 de maio. O obxectivo dos galardóns é involucrar á xente máis nova na loita un dos maiores desafíos do noso tempo.

Os premios “Reacción polo clima” recalarán nas tres mellores manifestacións artísticas

visuais centradas nas reivindicacións da mocidade con respecto á loita contra o cambio climático. Deste xeito haberá un primeiro premio dotado con 2.400 €, un segundo de 1.000 € ou un terceiro de 600 €. Este ano a Deputación incrementou en 2.000 € as contías globais dos premios co obxectivo de recoñecer o talento, amais de empoderar á xente máis nova para que sexa partícipes na posta en marcha de políticas públicas no marco da Axenda 2030, onde xogan un papel transcendental.

Os traballos serán en formato audiovisual cunha duración máxima de 2 minutos e medio. Admitirase calquera tipoloxía

empregada pola xuventude nas redes sociais ou medios de difusión de natureza similar. As mozas e mozos así como as organizacións dirixidas pola mocidade interesadas en participar teñen dous meses de prazo para presentar as súas solicitudes e poder, así, optar a algún dos tres premios.

O pasado ano gañaron o primeiro concurso “Reacción polo clima” Iago Rodríguez Torres e Manuel Albariñas, ambos de Marín, pola peza “Inconsciente”. O segundo premio recalou en Carmen Villanueva, de Silleda, por “Non pases de largo” e o terceiro foi para Isabel González, de Vigo, por “Pequenos xestos, grandes cambios”.

Éxito rotundo na II edición da Escola de Letras da Deputación e Editorial Galaxia

En só catro días esgotáronse as 90 prazas dos seis cursos que ofrecerán a II edición da Escola de Letras organizada pola Deputación de Pontevedra e a Editorial Galaxia. A lista de garda para o resto dos cursos deste 2021 leva medio centenar de persoas.

A actual edición conta cos cursos “Escribir unha novela” que ofrecerá Anna R. Figueiredo, e o Obradoiro Literario que ofrecerá Inma López Silva. En xuño, Antonio García Teijeiro ofrecerá o seu Obradoiro de Poesía, todos eles na sede da Deputación en Pontevedra, mentres que en se-

tembro será Anna Figueiredo impartirá o curso “Escribir unha novela”, en Vigo.

En outubro, o escritor Diego Giráldez ofrecerá en Pontevedra o seu Obradoiro Literario e Elvira Ribeiro pechará a edición cun Obradoiro de Poesía en Pontevedra.

Juan Noguero recibido na Deputación

Juan Noguero, o flamante campión de España e do mundo de “Moto Touring” no ano 2020, viaxou hoxe sobre dúas rodas ata a Deputación de Pontevedra para facer parada e falar de proxectos de futuro co deputado de Deportes, Gorka Gómez, quen quixo felicitalo polos éxitos acadados, así como transmitirle a honra que supón para a provincia e para a Insti-

tución a súa visita.

Noguero, que conta con máis de 40.000 km as súas costas, compartiu o seu orgullo á hora de levar o nome de Pontevedra ao redor do mundo e poder achegar títulos nacionais e mundiais, así coma o seu empeño de enxalzar o mundo da moto e do turismo na próxima Volta a Galicia de mototurismo, que contará con pilotos de todo o mundo.



A Deputación de Pontevedra é a anfitroa do Premio Otero Pedrayo 2021

A Deputación de Pontevedra é neste 2021 a anfitroa do Premio Otero Pedrayo, que as catro deputacións provinciais galegas e a administración autonómica organizan cada ano dende 1977. O galardón ten por obxectivo enxalzar a persoas egrexias no campo do coñecemento ou traballos que contribúan á difusión da cultura galega e dos valores propios de Galicia. O prazo de presentación de can-

didaturas se prolongará ata o 8 de xuño.

O Premio Otero Pedrayo, de carácter anual, está dotado con 16.000 € para honrar a memoria do intelectual Otero Pedrayo a través de personalidades ou iniciativas que continúan a liña do seu legado. Deste xeito, poderán optar ao galardón persoas nadas/residentes en Galicia ou entidades radicadas na nosa comunidade que traballen a prol da cultura galega.

Deputación e Concello de Baiona presentan a nova edición da Festa da Arribada



A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, e o alcalde de Baiona, Carlos Gómez, presentaron o cartel da XXVI edición da Festa da Arribada 2021, que se retrasará ata os días 1, 2 e 3 de outubro e non no mes de marzo, como tradicionalmente se realiza, por mor das restricións sanitarias motivadas pola pandemia.

Neste acto tamén estiveron a deputada provincial Ana Laura Iglesias, a xefa de zona Vigo-Sur de Abanca Ángela Rodríguez, a directora da Axencia de Turismo de Galicia Nava Castro, a Delegada da Xunta de Galicia en Vigo, Marta Fernández Tapias, así como autoridades locais e representantes de asociacións do concello de Baiona.



Recepción ao regatista Nicolás Rodríguez na Deputación

O deputado de Deportes, Gorka Gómez, recibiu na Deputación ao regatista vigués Nicolás Rodríguez García-Paz, triple medallista mundial e dobre europeo, na modalidade de 470, e que está a preparar a súa participación nos Xogos Olímpicos de Tokio.

Gorka Gómez, que destacou as grandes posibilidades de Nicolás na próxima pelexa polas medallas olímpicas, destacou o “impresionante palmarés e a traxectoria deportiva” de Nicolás, que compite xunto ao barcelonés Jordi Xammar Hernández. Despois de coñecer tódolos detalles sobre o adestramento que está a realizar de cara a cita olímpica desexoulle moita sorte.

O regatista agradeceu o apoio institucional e a información con-



tinua sobre as axudas e iniciativas da Deputación. “Sempre estou encantado de vir aquí, porque sintome moi respaldado”, afirmou. Gorka Gómez amosouse encantado pola visita e recalcou a vontade da Deputación por simplificar, eliminando burocracia, as axudas aos deportistas individuais, dado que carecen da “infraestrutura administrativa” da que pode dis-

poñer un equipo. Nicolás Rodríguez conta con beca Depo-DAN da Deputación, ou sexa, a axuda provincial para os deportistas de elite.

O deputado obsequiou ao regatista co libro sobre as Illas Atlánticas do fotógrafo Ricardo Groba e unha caixa de sementes da campaña turística “Segue o teu instinto”.

Actuación de eliminación de especies invasoras na beiras do río Tripes

O Concello de Tui vai dirixirse aos sesenta propietarios e propietarias de terreos lindeiros coa zona Dominio Público Hidráulico nas beiras do río Tripes ou Cotarel para solicitar a súa autorización para estender ás súas parcelas a actuación de loita contra especies exóticas invasoras que vai realizar a Confederación Hidrográfica do Miño Sil.

En concreto a Confederación Hidrográfica do Miño Sil, tras as solicitudes realizadas tanto dende o propio concello de Tui coma dende a Asociación de Muíñeiros do río Tripes, vai levar a cabo un programa de conservación e mellora do estado ecolóxico do río Tripes. A actuación

contempla por unha parte a mellora do estado ecolóxico nas masas de auga. Por outra recolle a mellora da composición e estrutura da vexetación de ribeira. Ao programa foi incorporada amais a retirada de especies exóticas invasoras no Dominio Público Hidráulico e da súa zona de servidume.

Deste xeito a Confederación vai proceder á eliminación da cana común, do bambú e da acacia negra na zona de Dominio Público Hidráulico cunha roza con medios naturais e cubrindo a zona cunha manta de polietileno que impida o rebrote. De contar coa autorización dos propietarios das parcelas estenderá a actuación tamén ás mesmas.

A elite do piragüismo de Dinamarca adestrará nas próximas semanas en Tui

Tui volverá a ser sede dunha concentración de deportistas de alto nivel, esta vez de piragüismo. Dende o 20 de marzo, e até o 5 de abril, o equipo Dansprint, da cidade de Hvidovre de Dinamarca, xunto a dous integrantes da propia selección nacional danesa, entre eles o actual Campión do Mundo de Maratón sub23 e do Descenso Internacional do Sella, Mads Brandt Petersen, adestrarán en Tui.

O equipo utilizará as instalacións do CETD, Centro Especializado de Tecnificación Deportiva, de Remo e Piragüismo de Tui e o río Miño. Compartirá adestramentos e experiencias cos deportistas do Club Kaiak Tudense e con padeeiros tudenses como Iván Alonso e o seu compañeiro Jaime Sobrado, rivais directos dos daneses a nivel mundial na modalidade de maratón.

Esta nova concentración, que se suma á realizada recentemente

pola Selección Nacional Uruguia de Remo, constata as excelentes condicións que Tui presentan para adestrar, pola lámina de auga do río Miño, as instalacións deportivas, os clubs deportivos e deportistas de alto nivel, tanto de remo, como de piragüismo. Ao que se suman as posibilidades de aloxamento na cidade. O que fan que a cidade sexa sede anual de concentracións deportivas de seleccións nacionais.

A Guarda realiza melloras no parque infantil do Porto

No parque infantil do Porto da Guarda se están levando a cabo diversas tarefas coma a reposición e pintado da pérgola de madeira, reposición de area na zona de elementos de xogo, así coma o pintado e revisión destes elementos.

Estas tarefas, que aínda están



sen concluír, inclúen tamén a posta en funcionamento da fonte de auga sita neste espazo de lecer e ocio infantil.

FUCO PRADO



Cantamos Nós! Novo proxecto de Ponte...nas Ondas!

A Asociación Cultura e Pedagóxica Ponte... nas Ondas! que vén de cumprir 25 anos de actividade co patrimonio inmaterial común a portugueses e galegos, lanza un novo proxecto: CANTAMOS NÓS!, que implica a nenas e nenos de escolas galegas e portuguesas no coñecemento da tradición musical, recreándoa a través de novas instrumentacións e acordes, conseguindo unha posta en valor moderna do patrimonio inmaterial galego-portugués.

Coa colaboración de músicos e docentes, a iniciativa se concretará na edición dun libro CD e un documental protagonizado por alumnado de escolas de primaria e secundaria xunto con persoas portadoras do patrimonio



inmaterial.

Ademais, contando coa axuda do Xacobeo 21 e coas escolas que están perdo dalgún dos ca-

miños a Santiago, vanse recoller testemuños sobre o camiño como espazo de diálogo e intercambio.

A "Asociación Cidadá Galega Fernando Hoyos" solidarízase con FAVEC

Mediante comunicado de prensa, a Xunta Directiva da "Asociación Cidadá Galega Fernando Hoyos" manifestou publicamente a súa solidariedade coa Federación de Asociacións Veciñais de Vigo (FAVEC) ante as tentativas do alcalde de Vigo, Abel Caballero, e do seu equipo de goberno municipal de querer desalojar a FAVEC do seu local social localizado na céntrica Praza da Princesa.

Paralelamente, esta asociación pediu ao Concello vigués que debería proporcionar unha localización alternativa para a FAVEC "entremetres duren as obras de acondicionamento do antigo predio". Destacou que o



conxunto de asociacións veciñais e FAVEC constitúen "un movemento social no que se organiza a veciñanza de Vigo, é dicir, as veciñas e veciños de Vigo que conviven nos barrios e parroquias da nosa cidade e nos que actúan como unha forza unificadora e mobilizadora".

o remendón CERRAJERO SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SOLUCIÓN OFICIAL Duplinox

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreias, Peixes do Río, Cocido à Portuguesa, Bacalao e Kikos à la Portuguesa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

milfollas

LIBRERÍA · PRENSA · PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 352

milfollas@mundo-r.com

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres Guiller Motor

Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES